

«CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE ARTEIXO E OS CONCELLOS DE BOQUEIXÓN, CARBALLO, CERCEDA, CORISTANCO, LARACHA, O PINO, OZA-CESURAS, PORTO DO SON, TORDOIA, TOURO E VIMIANZO PARA A DISTRIBUCIÓN DE MASCARAS Á POBOACIÓN COMO MEDIDA DE PREVENCIÓN POLO COVID-19.»

«EXPOÑEN

A Organización Mundial da Saúde elevou o pasado 11 de marzo de 2020 a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID-19 a pandemia internacional. A rapidez na evolución dos feitos, a escala nacional e internacional, require a adopción de medidas inmediatas e eficaces para facer fronte a esta conxuntura. As circunstancias extraordinarias que concorren constitúen, sen dúbida, unha crise sanitaria sen precedentes e de enorme magnitude tanto polo moi elevado número de cidadáns afectados como polo extraordinario risco para os seus dereitos.

O obxectivo da formalización do presente Convenio de colaboración, ante esta situación extraordinaria, é levar a cabo por parte dos concellos asinantes, a implementación dunha medida que, xunto coas distintas que se están a adoitar nos últimos tempos para paliar esta situación, tenda á mellorar a protección activa da cidadanía ante unha pandemia como a que se está a vivir polo COVID-19.

Estamos ante unha situación non prevista nin esperable para a cal superáronse todas as posibilidades de abastecemento de EPIS polos canles ordinarios de distribución. Ante esta situación o concello de Arteixo tivo a posibilidade de adquirir 250.000 mascarar, que coa necesaria colaboración intermunicipal, máis se cabe nestes momentos, e co ánimo de poder abastecer a concellos que non contan coa posibilidade de adquirir de forma directa as mascarar, contan cun equipamento de protección individual que poida ser distribuído aos seus veciños e veciñas, nas cantidades que as disponibilidades o posibiliten.

Preténdese polos concellos asinantes que os seus cidadáns contan coas medidas de protección que permitan que a expansión dos contaxios teñan a menor incidencia posible. As mascarar son unha das medidas de protección recomendadas polas autoridades sanitarias para reducir os contaxios do COVID-19.

Preténdese, desde a administración local, a máis preto do cidadán, que os veciños e veciñas sintan que dende os seus concellos se están a adoitar todas as medidas posibles co gallo de ter as medidas de protección que eviten no posible o contaxio da enfermidade que leva xa miles de falecidos no último mes.

A lei 17/2015 de 9 de xullo do sistema nacional de protección civil establece a protección civil, como instrumento da política de seguridade pública, e o servizo público que protexe ás persoas e bens garantindo unha resposta adecuada ante os distintos tipos de emerxencias e catástrofes orixinadas por causas naturais ou derivadas da acción humana, sexa esta accidental ou intencionada.

O cidadán non só é o destinatario da acción pública dirixida a previr e afrontar as situacións de emerxencia, senón o centro do sistema de protección civil e que lle corresponden dereitos e deberes específicos que teñen directo encaixe na Constitución. A lei establece que todos os cidadáns teñen dereito a estar informados sobre os riscos colectivos importantes que lles afecten, o que obriga aos poderes públicos a divulgar as medidas dispostas para contrarrestalos, a recomendar condutas para previlos e a dar a máxima participación cidadá ao planificar e implantar actuacións ante as emerxencias, que se configura tamén como un dereito, que debe de ser exercido polas autoridades públicas coa necesaria dilixencia para chegar ao momento no que os mesmos son requiridos.

A vulnerabilidade das persoas na nosa sociedade ante as múltiples e complexas ameazas de catástrofes naturais, industriais ou sanitarias requiren un gran desenvolvemento dos sistemas de alerta, a planificación das respostas e a dotación de medios de intervención. Aínda así, a envergadura deste tipo de riscos é tal, que poden chegar a colapsar o sistema, como é a situación na que nos atopamos.

A sociedade demanda unha crecente necesidade de acción pública destinada a protexer persoas e bens ante emerxencias. Por iso é polo que, sen prexuízo da indispensable colaboración cidadá, todos os poderes públicos competentes, desde o nivel local ata as institucións europeas e internacionais, determinan políticas públicas para desenvolver instrumentos normativos, organizativos e medios que lles permiten exercer as súas respectivas responsabilidades nesta materia e melloralas

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



continuamente. Integrada na seguridade pública, a protección civil, alcanza hoxe en todas partes unha importancia de primeira orde entre as diferentes políticas públicas e configurouse como un dos espazos públicos xenuíno e lexitimadores do Estado.

Por outra banda, as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais despregaron as súas competencias propias na materia, regulando a súa actuación, configurando os seus propios servizos de protección civil, desenvolvendo uns órganos competentes de coordinación de emerxencias que supuxeron un avance substantivo na xestión de todo tipo de emerxencias e eficaces servizos municipais de protección civil.

As administracións locais asinantes propóñense pois, reforzar os mecanismos que potencien e melloren o funcionamento do sistema nacional de protección dos cidadáns ante a situación provocada polo COVID-19 que levou incluso a declaración de Estado de alarma xa prorrogado nestos momentos.

Toda actividade deste tipo deberá realizarse coa debida cautela e dilixencia nas medidas de autoprotección. As actuacións do sistema de protección civil rexeranse de maneira especial polos principios enunciados na lexislación vixente, que son puntos crave de referencia que coaduxan á súa estruturación lóxica. Ademais dos expresados e dos xerais aplicables ao funcionamento das Administracións Públicas, sempre se deberán ter presentes as diferentes fortalezas e vulnerabilidades das persoas, en cumprimento do principio de igualdade.

A lei de protección civil pon unha énfase especial na prevención. O proceso empeza por potenciar o coñecemento sobre os riscos como medio para prevelos e anticiparse ás súas consecuencias danosas, incorporando como unha actuación diferenciada a de anticipación.

A prevención é un dos fins prioritarios da protección civil. Moitas das políticas desenvolvidas polas Administracións Públicas, en tanto poidan afectar ou condicionar a seguridade das persoas ou os bens, teñen obxectivos preventivos.

Trátase con iso de compatibilizar as devanditas actividades necesarias para o desenvolvemento económico e social coa seguridade de persoas e bens, racionalizando o seu deseño para minimizar o risco que poidan xerar

Nestes termos, o municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras na avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas, e a protección civil, así como a protección da salubridade pública.

Asimesmo, os Municipios deberán prestar, en todo caso, os servizos seguintes:

c) Nos Municipios con poboación superior a 20.000 habitantes, ademais: protección civil, avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco

Asimesmo no artigo 21.1 m) da Lei 7/1985 de 2 de abril establece como competencia dos Alcaldes:

m) Adoptar personalmente, y bajo su responsabilidad, en caso de catástrofe o de infortunios públicos o grave riesgo de los mismos, las medidas necesarias y adecuadas dando cuenta inmediata al Pleno.

Por elo, todas as partes asinantes, recoñecense previa e recíprocamente a capacidade legal necesaria, suscriben o presente Convenio de Colaboración, de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXETO.

O obxectivo da formalización do presente Convenio de colaboración, ante esta situación extraordinaria, é levar a cabo por parte dos concellos asinantes, a implementación dunha medida que, xunto coas distintas que se están a adoitar nos últimos tempos para paliar esta situación, tenda á mellorar a protección activa da cidadanía ante unha pandemia como a que se está a vivir polo COVID-19.

Estamos ante unha situación non prevista nin esperable para a cal superáronse todas as posibilidades de abastecemento de EPIS polos canles ordinarios de distribución. Ante esta situación o concello de Arteixo tivo a posibilidade de adquirir 250.000 mascarar, que coa necesaria colaboración intermunicipal, máis se cabe nestes momentos, e co ánimo de poder abastecer a concellos que non contan coa posibilidade de adquirir de forma directa as mascarar, contan cun equipamento de protección individual que poida ser distribuído aos seus veciños e veciñas, nas cantidades que as dispoñibilidades o posibiliten.

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



Preténdese polos concellos asinantes que os seus cidadáns contén coas medidas de protección que permitan que a expansión dos contaxios teñan a menor incidencia posible. As mascararas son unha das medidas de protección recomendadas polas autoridades sanitarias para reducir os contaxios do COVID-19.

Preténdese, desde a administración local, a máis preto do cidadán, que os veciños e veciñas sintan que dende os seus concellos se están a adoitar todas as medidas posibles co gallo de ter as medidas de protección que eviten no posible o contaxio da enfermidade que leva xa miles de falecidos no último mes.

SEGUNDO. DESCRIPCIÓN DAS MEDIDAS A ADOITAR

O concello de Arteixo adquiriu de forma directa 250.000 mascararas, que serán repartidas aos concellos asinantes nas cantidades solicitadas e acordadas previamente por cada un deles, que corresponden coas seguintes:

CONCELLO		MASCARAS CIRÚRXCICAS TIPO II	
C.I.F	Denominación	Nº	Nº Cajas
P1500500B	Arteixo	120.000	2400
P1501900C	Carballo	33.000	660
P1509300H	Vimianzo	20.000	400
P1506700B	Pino	11.000	220
P1507200B	Porto do Son	6.000	120
P1501200H	Boqueixón	4.000	80
P1502900B	Coristanco	6.000	120
P1502400C	Cerceda	12.000	240
P1500029B	Oza-Cesuras	4.000	80
P1504200E	Laracha	18.000	360
P1508600B	Touro	8.000	160
P1508500D	Tordoia	8.000	160
	Total	250.000	5000

Os concellos asinantes adoitarán as medidas necesarias para a recepción nos seus respectivos termos municipais da mercancía correspondente a cada un deles, no máis breve prazo posible.

TERCEIRO.- COMPROMISOS DAS PARTES

O concello de Arteixo formaliza o suministro das máscaras na contía total de 250.000 unidades e aboar ao contratista a cantidade total polas mascararas a través da contratación de emerxencia que ao respecto establece o artigo 16 do Real Decreto-lei 7/2020, de 12 de marzo, polo que se adoitan medidas urxentes para responder ao impacto económico do COVID-19, que co gallo de realizar unha xestión eficiente das actuacións que poidan realizar as Administracións públicas no ámbito da contratación, ao amparo de artigo 120 da lei 9/2017, de 8 de novembro, de *Contratos del Sector Público, por la que se transponen al ordenamiento jurídico español las Directivas del Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014.*

O concello de Arteixo, comprométese a facer entrega nas instalacións municipais onde se atopan depositadas as 250.000 mascararas, nas cantidades indicadas na cláusula anterior, aos representantes dos concellos asinantes nas condicións de hixiene e seguridade que garantan que as mesmas non sofren ningún tipo de risco de contaminación no reparto

CUARTO.- RÉXIME ECONÓMICO

O prezo venta ao público con IVE de 5.000 caixas de 50 unidades de mascararas cirúrxicas Tipo II segundo as Facturas de data 14/04/2020 N° de rexistro FACE 2020015925155 por importe de 78.650,00€ e N° 2020015926842 por importe de 72.600,00€.

O importe económico do convenio ascende a un total de **151.250,00€**.

Sendo o seu prezo unitario sen IVE(21%):

Mascarillas quirúrxica Tipo II	
---------------------------------------	--

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
 Praza do Concello S/N
 Teléfono 981 70 41 00
 www.carballo.gal
 infocarballo@carballo.gal
 15100 CARBALLO - A Coruña



Nº	Imp/udad	Nº Cajas	Imp/Caja
1	0,50 €	1	25,00 €

A aportación económica de cada un dos concellos asinantes do presente convenio virá configurada polo resultado de multiplicar o Nº de Mascaras cirúrxicas tipo II emerxencia COVID-19 caixa 50 unidades materialmente recepcionadas polo prezo unitario unitario da caixa de 50 unidades facturado polo proveedor MAPE ASESORES, SA. con C.I.F. A36326619.

A distribución das aportacións se recolle na taboa que se inserta a continuación.

CONCELLO		MASCARAS CIRÚRXICAS TIPO II			I.V.E.		
C.I.F	Denominación	Nº	Imp/udad	Nº Cajas	Imp/Caja	21%	Total
P1500500B	Arteixo	120.000	0,50 €	2400	25,00 €	5,25 €	72.600,00 €
P1501900C	Carballo	33.000	0,50 €	660	25,00 €	5,25 €	19.965,00 €
P1509300H	Vimianzo	20.000	0,50 €	400	25,00 €	5,25 €	12.100,00 €
P1506700B	Pino	11.000	0,50 €	220	25,00 €	5,25 €	6.655,00 €
P1507200B	Porto do Son	6.000	0,50 €	120	25,00 €	5,25 €	3.630,00 €
P1501200H	Boqueixón	4.000	0,50 €	80	25,00 €	5,25 €	2.420,00 €
P1502900B	Coristanco	6.000	0,50 €	120	25,00 €	5,25 €	3.630,00 €
P1502400C	Cerceda	12.000	0,50 €	240	25,00 €	5,25 €	7.260,00 €
P1500029B	Oza-Cesuras	4.000	0,50 €	80	25,00 €	5,25 €	2.420,00 €
P1504200E	Laracha	18.000	0,50 €	360	25,00 €	5,25 €	10.890,00 €
P1508600B	Touro	8.000	0,50 €	160	25,00 €	5,25 €	4.840,00 €
P1508500D	Tordoia	8.000	0,50 €	160	25,00 €	5,25 €	4.840,00 €
	Total	250.000	0,50 €	5000	25,00 €	5,25 €	151.250,00 €

Unha vez realizada a entrega da totalidade do material expediuse por parte do proveedor a correspondente factura exclusivamente a nome do Excmo. Concello de Arteixo con NIF P1500500 B cos requisitos do Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigacións de facturación, polo importe íntegro da prestación, debéndoa presentala a través de FACE segundo o disposto na Lei 25/2013, do 27 de decembro.

A factura será abonada ao proveedor de maneira íntegra por parte do Concello de Arteixo, unha vez aprobada, recoñecendo a obrigación e ordenación do pago por parte do Alcalde de Arteixo.

O concello de Arteixo emitirá e aprobará no prazo dun mes desde o pago material das facturas, as liquidacións aos Concellos segundo os datos que obran na táboa precedente, ás que incorporará copia da factura e xustificante bancario de pago así como acta de recepción do material por parte dos concellos.

O prazo para abonar as liquidacións será dun mes desde a recepción da notificación das liquidacións.

QUINTO.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.

Ao obxecto de levar a cabo o seguimento, control e coordinación das actuacións previstas neste convenio de colaboración, así como a resolución das cuestións que puidesen suscitarse durante a súa vixencia en relación coa interpretación e o cumprimento do mesmo, créase unha Comisión de seguimento que estará integrada por dúas persoas designadas por parte do concello de Arteixo e un representante por parte dos restantes concellos asinantes. A Comisión será presidida polo Alcalde do concello de Arteixo, e actuará como Secretario o da corporación ou en quen delegue.

O funcionamento desta Comisión rexeráse polas normas contidas nos artigos 15 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

6 A Comisión reunirse, a convocatoria do Alcalde de Arteixo e, en todo caso, sempre que unha das partes soliciteo ao obxecto de revisar a relación de accións e actividades que se realicen ao amparo do presente convenio e resolver as incidencias que puidesen xurdir en relación co obxecto da mesma.

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



SEXTA. VIXENCIA E CAUSAS DE EXTINCIÓN.

O presente convenio terá unha vixencia comprendida entre a data da súa firma e finalización do estado de alarma ou en todo caso a necesidade de actuacións colaborativas relacionadas exclusivamente coa pandemia do COVID-19, podendo prorrogarse de forma expresa mediante acordo mutuo das partes por anos naturais, ata un máximo de catro (4) veces consecutivas, no caso de proseguir as causas que provocaron a suscripción do mesmo.

2. Con todo, o convenio extinguirase polas seguintes causas:

- a) Denuncia expresa por parte dalgunha das partes intervinientes durante a vixencia inicial ou a de calquera das súas prórrogas, cunha antelación mínima de dous meses previos á finalización do correspondente período de vixencia.
- b) Mutuo acordo das partes.
- c) Incumprimento das obrigacións establecidas.
- d) Imposibilidade do cumprimento das actividades previstas pola existencia de causas obxectivas debidamente acreditadas.
- e) Calquera das causas previstas na normativa vixente.

No caso de que a colaboración no suministro de EPIS coa finalidade da prevención do COVID-19 continuara en estes ou EPIS doutro tipo, se materializará por medio de adendas ao presente convenio cas mesmas condicións económicas e xurídicas do mesmos.

Dada a natureza do convenio non procede establecer criterios para determinar unha posible indemnización por incumprimento.

SÉTIMA.- PROTECCIÓN DE DATOS.

O obxecto do presente convenio levarase a cabo con suxeición á lexislación vixente sobre protección de datos de carácter persoal e en particular con suxeición á Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos.

OITAVA. RÉXIME XURÍDICO.

O presente convenio atópase excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en virtude do disposto no seu artigo 4.1.

Será de aplicación o réxime xurídico establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local

NOVENA.- XURISDICIÓN COMPETENTE.

Para cantas cuestións litixiosas poidan xurdir na interpretación e cumprimento do convenio, as partes sométense á xurisdición dos xulgados e tribunais do contencioso-administrativo.»